



PREGO DE CONDICIÓN RELATIVO Á VENDA POLO PROCEDIMENTO DE POXA PÚBLICA DUN INMOBLE DE TITULARIDADE DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO CONCELLO DA CORUÑA

O alleamento realízase de acordo co disposto nos artigos 74 e seguintes da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 60 e seguintes do Regulamento de patrimonio, aprobado mediante Decreto 50/1989, do 9 de marzo, mediante poxa e de acordo co seguinte

PREGO DE CONDICIÓN

Primeira. Ás 11:30 horas do día 19 de xullo de 2018 realizarase no salón de actos da delegación da Axencia Tributaria de Galicia, situado na praza de Pontevedra nº 22, na Coruña, perante a mesa presidida pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio ou funcionario/a en quen delegue, coa asistencia dun letrado/a da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e un funcionario da Consellería de Facenda que actuará como secretario/a, PRIMEIRA, SEGUNDA E TERCEIRA POXA PÚBLICA do seguinte ben inmueble:

Urbana, terreo de 486 m2, sobre o que se asenta unha edificación de 207 m2, que foi caseta de legoeiros na estrada AC-552 A Coruña-Fisterra, no lugar de San Xosé, no concello da Coruña. Estrema o conxunto: Norte, finca a nome de Repsol Petróleo, SA de 1.283.266 m2 e referencia catastral 4806502NJ4050S0001AY; Este, finca a nome de José Pérez Paz de 72 m2 e referencia catastral 5601402NJ4050S0001AY; Oeste e sur, estrada AC-550 A Coruña-Fisterra, de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia-límite de solo da zona urbana.

Referencia catastral 5601401NJ4050S0001WY.

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: Solo urbano consolidado. Metade da parcela cualificada como sistema xeral viario e a outra metade como industrial especial.

DATOS REXISTRAS: Inscrito no Rexistro da Propiedade nº 2 da Coruña como predio 99405, ao folio 164 do libro 1885.

ACORDO DE ALLEAMENTO: Orde da Consellería de Facenda do 28 de marzo de 2018

TIPO DE LICITACIÓN PRIMEIRA POXA: 219.883,59 €

TIPO DE LICITACIÓN SEGUNDA POXA: 186.901,05 €

TIPO DE LICITACIÓN TERCEIRA POXA: 153.918,51 €

TRAMO DE POXA: 1000 €

GASTOS DE ANUNCIO: 3.121,44 €

Segunda. Poderán tomar parte na poxa tódalas persoas que teñan capacidade para contratar e, en particular, para celebrar o contrato de compravenda segundo as normas contidas no Código Civil. Non poderán participar as persoas que solicitaran ou estean declaradas en concurso, foran declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou foran inhabilitadas conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, así como as que incorresen nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades. Os participantes deberán achegar unha declaración responsable de acordo co Anexo I.

Terceira. Se o ofertante é unha persoa física, deberá acreditar a súa personalidade mediante o seu DNI ou pasaporte orixinais. Se interviñese en nome dunha terceira persoa deberá acreditarse ante a mesa a representación da mesma mediante escritura



notarial de poder que lle autorice a contratar en nome de outro, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado, antes do inicio da poxa.

Se o ofertante é unha persoa xurídica, ademais do DNI do seu representante e copia compulsada do seu CIF, deberá achegar para acreditar a representación da mesma a escritura notarial de poder específico ou xeral, este último, inscrito debidamente no Rexistro Mercantil. Non se admitirán poxas en calidade de ceder o remate a terceiras persoas.

Cuarta. Para tomar parte na poxa é requisito indispensable consignar o 20% da cantidade sinalada como tipo de licitación ante a mesa, en metálico ou cheque bancario a favor da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (NIF S1511001H), ou consignar tal cantidade na Caixa Xeral de Depósitos da Tesourería Xeral da Xunta de Galicia a favor da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, ben nos días previos ao acto de celebración da mesma ou ben no mesmo día da poxa, sempre antes da súa celebración.

Quinta. O día e hora sinalados, o presidente da mesa declarará aberta a poxa, comunicándollo así ao público e durante o prazo que prudencialmente fixe, comprobará a capacidade e personalidade dos participantes e recibiranse os resgardos dos depósitos previamente constituídos para a licitación e as consignacións que nese tempo se fagan.

Comezada a licitación non se recibirá ningún resguardo nin se admitirá ningunha consignación.

Sexta. Durante a licitación, o presidente da mesa irá admitindo as posturas en voz alta que gradualmente vaian mellorando á alza o tipo ata que se deixe de facer proposicións, momento no cal declarará mellor rematante ao licitador que teña a oferta máis elevada.

Sétima. Do desenvolvemento do procedemento e de tódalas incidencias producidas estenderase a correspondente acta, que será asinada polos membros da Mesa e polo mellor ofertante. Rematada a poxa devolveranse as consignacións e os resgardos dos depósitos para licitar aos interesados non adxudicatarios.

Oitava. A orde de aprobación da adxudicación notificarase persoalmente ao adxudicatario, advertíndolle ao mesmo tempo de que no prazo de 15 días a partir da notificación deberán realizar o pagamento do prezo total de alleamento, prevíndoo de que de non o facer decaerá o seu dereito con perda da cantidade consignada ou depositada, sen prexuízo do resarcimento á Administración dos posibles quebrantamentos que se lle derivasen da ineficacia da adxudicación.

Novena. Serán de conta do adxudicatario os custos dos anuncios, así como os orixinados pola adxudicación e formalización da escritura pública de venda. Os tributos derivados da transmisión serán esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria.

Décima. O inmovible véndese como corpo certo, en consideración aos seus lindeiros e non por unidade de medida, e no seu estado actual de conservación, que se poderá comprobar mediante a súa visita, polo que unha vez adxudicado o ben non se admitirán reclamacións sobre o seu estado ou erros na súa descrición.



Undécima. Se a primeira poxa quedara deserta, os inmobles poderán ofertarse sucesivamente en SEGUNDA e TERCEIRA POXA. Poderase acordar unha rebaixa no tipo de taxación dun 15% en cada unha delas.

Decimosegunda. O adxudicatario comprométese a ter estas condicións como parte integrante da venda e escritura que, como consecuencia, terá que formalizarse no seu día.

Decimoterceira. A cualificación urbanística do inmueble indicada con anterioridade, ten simples efectos informativos, sen prexuízo da certificación oficial que emitan os concellos, conforme ao disposto no artigo 100 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Decimocuarta. No caso de que o predio teña a consideración de rústico, conforme ao artigo 1.523 do Código Civil, os propietarios de terras colindantes terán dereito de retracto sempre que se trate da venda dun predio dunha superficie non superior a unha hectárea.

Decimoquinta. Calquera incidencia non prevista no prego de condicións será resolta conforme ó disposto na Lei e o Regulamento do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

ANEXO I

Don/dona.....con DNI.....con
 domicilio en
 teléfono.....e correo
 electrónico.....actuando en nome propio ou en
 representación da sociedade.....con CIF..... con
 domicilio ene correo
 electrónico.....

DECLARA:

Ter plena capacidade para obrigarse de acordo co establecido polo artigo 1.457 do Código Civil, e que non incorre nas prohibicións recollidas no artigo 1.459 do Código Civil e na cláusula primeira do prego que rexe a poxa.

Así mesmo, declara non ter solicitado ou estar declarado en concurso de acredores, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado, conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, conxursal; e non incorrer en ningunha situación de incompatibilidade, segundo a normativa específica aplicable.

Lugar, data, sinatura